- O traballo artellarase en apartados, en non máis de tres niveis: o título do primeiro nivel en Cambria negra; o segundo nivel en Cambria negra-cursiva, e o terceiro nivel en cursiva; todo en tamaño de corpo 12:

  1. Apartado

  1.2. Subapartado

  1.2.1. Subapartado

- Nas citas textuais a outros autores, de seren menos de tres liñas, incluiranse dentro do texto expositivo encerrados en aspas («»); se son máis de tres liñas, irá en texto aparte, en Cambria 10 redonda, cunha sangría de 3 cm pola esquerda.
- O texto das citas a pé de páxina debe ir en letra Cambria 10 redonda.
- O sistema interno de citas será o que emprega o apelido ou apelidos do autor/a, ano, dous puntos, espazo e páxinas, coma nestes exemplos: (Castro Veiga 2000: 23) ou Castro Veiga (2000: 23), segundo corresponda.
- No final do artigo incluiranse só as *Referencias bibliográficas* citadas ao longo do texto expositivo, cun sangrado á francesa, seguindo este procedemento:

Libro:

Álvarez, Rosario/Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Publicación en liña:

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Santiago: Universidade. Dispoñible en: <http: //www.ti.usc.es/tilg/>. [Consulta do 12/06/2013]

Capítulo de libro:

Álvarez Blanco, Rosario (2000): «O redobro de A + FN en galego moderno», en R. Vieira de Castro/P. Barbosa (orgs.), *Actas do XV Encontro nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, vol. 1. Braga: Associação Portuguesa de Linguística, 75-93.

Fernández Salgado, Benigno/Henrique Monteagudo (1995): «Do galego literario ao galego común, o proceso de estandarización na época contemporánea», en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

Varela Barreiro, X. (1997): «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en B. Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994),* vol. 1. Oxford/Sada: Centro de Estudios Galegos/Edicións do Castro, 319-342.

Artigo de revista:

Pita Rubido, Mª Luísa (2006): «Algunhas consideracións sobre os dativos non argumentais», *Revista Galega de Filoloxía* 7, 143-165.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís (2008): «Vicente Risco e a modernidade. Lectura e análise de tres relatos», *Madrygal* 11, 91-100.

De ser aceptado o traballo para a súa publicación, o editor facilitaralle ó autor/a a folla de estilo da publicación para que poida reconverter o seu artigo ó formato da publicación *CUMIEIRA*.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 10 vas atopar unha panorámica sobre os dez primeiros números de Cumieira e traballos de política lingüística familiar, do castelán de Galicia no audiovisual, de terminoloxía LGBT+ e sobre a situación do seseo en Tui e Tomiño.

Universidade Vigo

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 10 - 2025

Universidade Vigo